

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ACORDEÓN

Conservatorio Profesional de
Música de Culleredo

1. INTRODUCCIÓN

En aplicación da Normativa en vigor desenvolva por mor da crise da Covid-19, o departamento de Tecla do Cmus de Culleredo incorpora na presente Programación Didáctica as directrices contidas nas

INSTRUCCIÓN DO 31 DE XULLO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL PARA O CURSO 2020-2021.

1.1. Análise e valoración dos obxectivos e contidos impartidos e non impartidos no curso académico 2019/20 por mor da pandemia do coronavirus.

A meirande parte dos Obxectivos e Contidos propostos na programación didáctica foron acadados e tratados de xeito óptimo pola práctica totalidade do alumnado. Os devanditos Obxectivos e Contidos desenvolvéronse de xeito presencial ata o remate do 2º trimestre do curso e de xeito telemático no 3º trimestre. Neste último, empregáronse recursos informáticos e conservouse o horario programado e aplicado durante o tempo transcorrido de ensino presencial. Polo que o alumnado en xeral recibiu clases telemáticas no mesmo horario lectivo no que recibían clases presenciais ata marzo de 2020. Foi necesaria certa flexibilización do horario no caso de algunhas familias, as cales dispoñían de moi poucas ferramentas informáticas ou dunha deficiente calidade de conexión a internet no seu fogar.

Entre os Obxectivos e Contidos que non puideron ser tratados na súa totalidade no curso 19/20 por mor da pandemia, reflectimos os seguintes:

Obxectivos.-

- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos, dunha dificultade acorde ao nivel.
- Tocar en público, coa seguridade necesaria, amosando a súa capacidade comunicativa e de expresión co seu instrumento.

Contidos.-

- Interpretación do repertorio estudado.
- Recitales perante público: audicións e concertos.

1.2. Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial da materia, coa finalidade de detectar as carencias/necesidades do alumnado.

Unha vez transcorrida a primeira semana lectiva presencial do curso 20/21, que permitiu ao profesorado adscrito ao departamento analizar e valorar o nivel de competencias do alumnado segundo o curso no que se atopa, detectáronse carencias e necesidades derivadas principalmente das limitacións físicas e acústicas que supuxeron as clases telemáticas, no tocante particularmente a vídeo e audio. O seguemento da interpretación instrumental dos alumnos a través dos altfalantes do ordenador, tablet ou smartphone plantexou moitas dificultades, por mor da calidade de son proporcionada polos dispositivos mencionados (tanto emisor como receptor). Algo semellante pódese indicar no tocante á calidade da imaxe recibida en directo nas clases virtuais: o sinal de internet, con conexión física ou por wi-fi, con frecuencia non presentaba a continuidade e nitidez necesarias para unha análise totalmente eficaz por parte do docente. Con todo, e como xa foi mencionado no punto anterior, os Contidos puideron ser tratados na práctica totalidade, e polo tanto os Obxectivos puideron ser acadados de igual xeito.

Compre indicar que tamén foron detectadas carencias e necesidades no eido emocional provocado polo que supuxo para nenas e nenos a impartición das clases estando fisicamente illados dos seus compañeiros, compañeiras e profesores.

Todo elo será tido en conta para o tratamento dos contidos e a consecución dos obxectivos neste curso académico 20/21.

1.3. Incorporación das aprendizaxes non adquiridas no pasado curso escolar.

Como consecuencia do exposto no punto anterior, a programación didáctica do curso 20/21 presenta adecuacións co gallo de favorecer que as aprendizaxes non adquiridas ou adquiridas de xeito deficiente no pasado curso escolar sexan definitivamente asimiladas polo alumnado. Neste senso compre indicar o carácter aberto e flexible no tocante ao apartado de “Recursos Didácticos” en cada nivel. O profesorado inscrito neste departamento traballará nas aprendizaxes non adquiridas no pasado curso escolar ao longo do 1º trimestre do curso 20/21. Será labor dos docentes axeitar os contidos e recursos didácticos nese período ás necesidades e deficiencias que o alumnado veña de reflectir.

Mentres as restricións por mor da Covid-19 continúen vixentes, non se poderán realizar audicións de departamento nin recitais, os cales se retomarán en canto sexa posible por autorización da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

1.4. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial poidese requirir.

Por razón da pandemia que seguimos a aturar, e polo tempo que ésta persista, compre ter disposta unha adaptación pedagóxica telemática para o suposto de que as autoridades sanitarias competentes teñan que declarar de novo un confinamento parcial ou total da poboación. Sen perxucio das instrucións que chegado o caso poidan dar as autoridades educativas e sanitarias competentes en materia da Covid-19, a devandita adaptación estará baseada nos puntos seguintes:

1. Mantemento do horario lectivo presencial do alumnado da materia.
2. Utilización de aplicacións de comunicación como: Skype, Zoom, FaceTime, Google Duo... para unha docencia en directo.
3. Emprego de aplicacións de mensaxería por internet, como: Google, Yahoo, Hotmail, Whatsapp, Telegram, etc.
4. Focalización dos Obxectivos e Contidos abordables en condicións telemáticas.
5. Seguemento especial e continuo ao alumnado con poucos recursos tecnolóxicos no fogar.

No caso de producirse a situación de docencia non presencial, serán de aplicación os criterios de avaliación desenvoltos durante o pasado curso 19/20 na etapa de ensino telemático.

O departamento de Tecla do Cmus de Culleredo fai un seguimento constante da evolución da pandemia e manterase a dispor do que a Consellería de Educación da Xunta de Galicia poida indicar en cada momento do curso 20/21.

PREÁMBULO

Os deseños dos currículos de Grao Elemental e Grao Profesional dunha ensinanza instrumental, cobre o período máis decisivo da formación dun intérprete.

A ensinanza dun instrumento debe orientarse ao desenvolvemento das capacidades musicais na interpretación, ao apoio e reforzo na educación musical en xeral, ademáis do entendemento e a vivencia da música dende dentro.

A metodoloxía ten que respostar ao cumprimento dos obxectivos que nos propoñemos acadar en cada curso. Por iso, as actividades teñen que reforzar, repasar e ampliar as capacidades previas do alumno. Débense axeitar os contidos ás condicións do alumnado e, progresivamente, cos exercicios, lograr que o alumno acade unha maior habilidade, sen deixar de potenciar a reflexión e a elaboración das súas propias conclusións.

O grao elemental promoverá a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquiera a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. Para o estudo do acordeón é imprescindible dispoñer dun instrumento axeitado á anatomía do alumno.

É convinte comezar cun acordeón "free bass" ou cun acordeón convertor e recoméndase que o manual dereito sexa de botóns (pola súa similitude coa man esquerda, bassetti).

Haberá unha hora semanal de clase de instrumento. O estudo na casa é fundamental para o avance sobre o programa do curso e adquirir habilidade co instrumento, recomendándose entre unha e dúas horas diarias.

O grao profesional de música ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a calificación dos futuros profesionais da música. Hai catro funcións básicas destas ensinanzas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores. Para o estudo do acordeón é obrigatorio dispoñer dun acordeón convertor (con BB e SB), adaptado á anatomía do alumno.

O estudo na casa é fundamental, recomendándose entre dúas e catro horas diarias.

GRAO ELEMENTAL

As ensinanzas elementais de música teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación musical básica de calidade e garantir o ingreso nas ensinanzas profesionais ao que así o desexe. A duración destes estudos son de catro cursos e hai dúas funcións básicas: formativa e preparatoria para estudos posteriores.

OBXECTIVOS XERAIS

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión persoal.
- Adquirir técnicas de estudo.
- Valorar o silencio.
- Fomentar o hábito de escoitar música.
- Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento que permita o control dos elementos anatómicos funcionais que interveñen en relación do conxunto "Corpo-Instrumento", buscando unha natural adaptación-funcional do instrumento.
- Coñecer os elementos fisionómicos musculares e articulatorios.
- Controlar a produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol.
- Buscar unha adaptación anatómico-funcional de forma natural proseguindo coas disciplinas iniciadas.
- Lograr independencia dos manuais que interveñen directamente na interpretación.
- Obter o máximo criterio auditivo individualizado posible capaz de distinguir os sons que realiza indistintamente cada manual.
- Comezar a dixitar partituras de forma lóxica, coherente e de forma natural.
- Adquirir e ampliar coñecementos sobre as capacidades sonoras do instrumento.
- Adquirir e empregar o "oído interno" como base da interpretación musical.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos, dunha dificultade acorde ao nivel do alumno.
- Práctica da lectura a primeira vista e do uso da memoria.
- Tocar en público, coa seguridade necesaria, mostrando a súa capacidade comunicativa e de expresión co seu instrumento.

PRIMEIRO CURSO

OBXECTIVOS

- Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento que permita o control dos elementos anatómicos funcionais que interveñen en relación do conxunto "Corpo-Instrumento", buscando unha natural adaptación-funcional do instrumento.
- Coñecer os elementos fisionómicos musculares e articulatorios.
- Acadar un bo control na produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol.
- Aprender a ler unha partitura e entendela, para así poder logo interpretala co instrumento.
- Coñecer as partes básicas do acordeón e os seus elementos constituíntes.
- Acadar un hábito de estudo diario e unhas técnicas á hora de traballar o repertorio.
- Comezar a tocar en público.

CONTIDOS

- Control da posición do alumno diante do instrumento: pés, mans, costas, brazos, xeito de sentarse, relaxación de todos os membros que interveñan para a produción do son.
- Estudo da dinámica sonora e da presión do fol. Estudo do fol, regularidade dinámica.
- Estudo do sistema de escritura e grafías propias do instrumento.
- Ataque e comezo do son mediante pulsación dixital e mediante o fol.
- Extinción ou cesamento do son mediante pulsación dixital e mediante o fol.
- Desenvolvemento paralelo para coordinar movementos dos dedos sobre ambas manuais.
- Estudo da dixitación: posicións básicas, paso de dedos.
- Estudo dos rexistros, cales son e cómo empregalos.
- Aprendizaxe de diferentes articulacións.
- Practica da lectura a primeira vista.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Ler e interpretar unha partitura adaptada ao seu nivel.
- Tocar en público (audicións e concertos).

METODOLOXÍA

- Estratexias didácticas expositivas dos novos contidos, a partir dos coñecementos previos do alumno.
- Adestramento no traballo individual: reflexión persoal, autonomía no traballo, plantexamento e solución individual de problemas...
- Comezarse coa elección do instrumento axeitado a cada alumno, sempre instrumento de ordenanzas con sistema convertor.
- Explicarase a correcta colocación do instrumento e a función que desempeñan tanto as mans como os brazos para a execución.
- Mostrar e fomentar no alumno unhas estratexias de estudo axeitadas.
- Faranse exercicios progresivos para traballar ambas mans por separado, coordinadas e o movemento do fol.
- Utilizaranse obras adaptadas ao nivel do alumno, aínda que tamén empregándose obras dun nivel máis baixo para poder centrar a súa atención na parte interpretativa-expresiva e, coas mesmas, de cando en vez, traballarase a lectura a primeira vista.
- Progresivamente esixiráselle que dixite o propio alumno.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

- Os obxectivos e contidos propostos completaranse ao longo do curso escolar repartindo a materia proporcionalmente, en tres períodos de seguimento trimestral.
- Durante a primeira avaliación o alumno ten a súa primeira toma de contacto co instrumento.
- Proporcionaráselle as pautas iniciais para a colocación correcta, o modo de sacalo da caixa, de sentarse.
- Cando o alumno teña unha boa postura, darase paso ao traballo sobre a produción do son.
- Propoñéndose sempre exercicios propios para este comezo. Hai que ter en conta que neste primeiro

trimestre é posible que o alumno carezca de instrumento co que traballar na casa, o que supón un traballo máis lento e máis ben teórico. As clases teñen que afianzar pouco a pouco os coñecementos básicos. Traballaranse pequenos exercicios onde se comecen a empregar posicións básicas nas dúas mans. Nun primeiro momento, serán exercicios homofónicos, traballando a simultaneidade das dúas mans.

- A segunda avaliación, estará adicada á correcta colocación e postura do instrumento, á lectura e comprensión dos símbolos e notacións musicais elementais e básicas. Progresivamente, empregaranse exercicios de maior dificultade, onde interveñan máis posicións, onde comecemos a empregar a independencia das dúas mans, con maior información na partitura (a nivel articulacións, dinámicas, tempo e expresión...)
- A terceira avaliación ten case carácter global de todo o curso, afianzando, comprendendo e asimilando correctamente todas as bases asentadas a partir do seu comezo aumentando o nivel.
- Ao longo do curso desenvolveranse un mínimo de dúas audicións, concertos, audicións na clase de discografía variada, gravaranse as audicións, haberá algunha clase máis teórica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- A avaliación será continua e integradora. O resultado da avaliación final exprésase mediante a escala numérica de 1 a 10.
- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias, co fin de facilitarlle ao alumnado a recuperación da materia con avaliación negativa.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- A solvencia de lectura a primeira vista.
- Interpretar en público como solista exercicios e obras representativas do seu nivel.
- Ao longo do curso haberá unhas probas obxetivas, para mostrar cal é o nivel de asimilación dos contidos, o progreso técnico-expresivo do alumno co instrumento, e así poder calificar o alumno mellor.
- Valorarase o traballo realizado día a día na clase e o que desenvolve o alumno na casa.
- Avaliaranse os obxectivos propostos nesta programación: nivel de aprendizaxe, capacidade expresiva e comunicativa en público, a adquisición de técnica, a relación aptitude/actitude.

REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENER UNHA CUALIFICACIÓN POSITIVA

- Boa actitude na clase e valorarase o traballo na casa.
- Realizar coa destreza necesaria os exercicios e obras propostos ao longo do curso.
- Adquirir unha postura correcta co instrumento. Ter unha capacidade técnico-interpretativa axeitada ao seu nivel.
- Interpretar en público como mínimo dous exercicios e/ou unha obra nova por trimestre, e ademais participar nas audicións.

GUÍA ORIENTATIVA DE RECURSOS DIDÁCTICOS

Método Acordeón Divertido: temas I a X..... Ricardo Llanos
Método per Fisarmonica a Bassi Sciolti I: nº1 a 28 A. di Zio
"Accordion course I": pág. 5 á 17 Palmer - Hughes
"Curso preparatorio de Acordeón" Fermín Gurbindo
Die Akkordeon-Fibel (band I)..... Hans Lüdgers
L'abc de l'accordéon (vol I) Frédéric Guérouet

Esta é unha relación orientativa do material para este curso.

SEGUNDO CURSO

OBXECTIVOS

- Buscar unha adaptación anatómico-funcional de forma natural proseguindo coas disciplinas iniciadas.
- Lograr certa independencia dos manuais que interveñen directamente na interpretación.
- Obter un certo criterio auditivo individualizado posible capaz de distinguir os sons que realiza indistintamente cada manual.
- Empezar a dixitar partituras de forma lóxica, coherente e natural.
- Acadar un bo control na produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol.
- Coñecer as partes básicas do acordeón e dalgúns dos seus elementos constituíntes.
- Acadar un hábito de estudo diario e unhas técnicas á hora de traballar o repertorio.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos, dunha dificultade acorde ao nivel do alumno.
- Práctica da lectura a primeira vista e do uso da memoria.
- Tocar en público, coa seguridade necesaria, mostrando a súa capacidade comunicativa e de expresión co seu instrumento.

CONTIDOS

- Traballar a técnica do fol para acadar unha boa calidade de son. Estudo da presión do fol e da dinámica.
- Coñecer e ampliar os coñecementos dos efectos acústicos do acordeón.
- Entrenamento progresivo da memoria e da lectura a primeira vista.
- Profundización na articulación, na dixitación.
- Estudo do sistema de escritura e grafías propias do instrumento.
- Desenvolvemento paralelo para coordinar movementos de dedos sobre ambas manuais. Independencia de dedos.
- Ampliar coñecementos da rexistración.
- Interpretación de texturas melódicas ao unísono, en canon, polifónicas.
- Tocar en público (audicións e concertos).

METODOLOXÍA

- Estratexias didácticas expositivas dos novos contidos, a partir dos coñecementos previos do alumno.
- Adestramento no traballo individual: reflexión persoal, autonomía no traballo, plantexamento e solución individual de problemas.
- Vixiarase constantemente a posición correcta do instrumento, evitando en todo momento as tensións propias a que puidesen dar lugar.
- Traballarase a calidade do son do instrumento para conseguir unha expresión musical acorde ás esixencias do curso.
- Traballarase os estudos de técnica e escalas intentando que sexa complemento das obras que se estuden, facilitando así o labor da aprendizaxe e mellorando os defectos que poidan xurdir dunha desaxeitada articulación do fol, da pulsación e a coordinación de movementos para producir o son.
- Exercitarase a memoria.
- Fomentarase o hábito de escoitar o instrumento en audicións, concertos e gravacións de audio e vídeo a fin de desenvolver a capacidade auditiva e escoitar calidades propias do son do acordeón.
- Mostrar e fomentar no alumno unhas estratexias de estudo axeitadas.
- Utilizaranse obras adaptadas ao nivel do alumno, aínda que tamén empregándose obras dun nivel máis baixo para poder centrar a súa atención na parte interpretativa-expresiva e, coas mesmas, de cando en vez, poderase traballar a lectura a primeira vista.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

- Os obxectivos e contidos propostos completaranse ao longo do curso escolar repartindo a materia proporcionalmente, en tres períodos de seguimento trimestral.
- A primeira avaliación servirá para revisar e persistir sobre a colocación e posición do instrumento, de fortalecer o establecido no curso anterior e de aumentar progresivamente o nivel técnico e interpretativo. Para iso empregaranse exercicios técnicos, estudo de obras e exercicios centrados en traballar

problemas que xurdan no alumno. Cando o alumno teña unha boa postura, darase paso ao traballo sobre a produción do son. E os exercicios deberán ser progresivos, buscando acadar un maior control dixital, articulatorio, de independencia de mans, dinámico e expresivo por parte do alumno.

- A segunda avaliación estará adicada a incrementar as habilidades técnicas no alumno. Traballarase unha análise básica da partitura para ser capaces de mellorar a interpretación e facilitar a memorización. Comezase a traballar dun xeito máis profundo o acto da interpretación e da relaxación co instrumento á hora de tocar en público.
- A terceira avaliación globalizarase todo o exposto durante o curso asegurando na medida do posible a eficacia dos recursos adquiridos grazas á constancia, tenacidade e predisposición do alumno. Ampliarase o desenvolvemento técnico, interpretativo e musical, afrontando obras de maior envergadura.
- Ao longo do curso desenvolveranse un mínimo de dúas audicións, a asistencia a concertos, audicións na clase de discografía variada, gravaranse as audicións, haberá algunha clase máis teórica.

o *CRITERIOS DE AVALIACIÓN*

- A avaliación será continua e integradora. O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10.
- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias, co fin de facilitarlle ao alumnado a recuperación da materia con avaliación negativa.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- A solvencia de lectura a primeira vista.
- Interpretar en público como solista exercicios e obras representativas do seu nivel.
- Ao longo do curso haberá unhas probas obxetivas, para mostrar cal é o nivel de asimilación dos contidos, o progreso técnico-expresivo do alumno co instrumento, e así poder calificar o alumno mellor.
- Valorarase o traballo realizado día a día na clase e o que desenvolve o alumno na casa.
- Avaliaranse os obxectivos propostos nesta programación: nivel de aprendizaxe, capacidade expresiva e comunicativa en público, a adquisición de técnica, a relación aptitude/actitude.

REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA CUALIFICACIÓN POSITIVA

- Boa actitude na clase e valorarase o traballo na casa.
- Realizar coa destreza necesaria os exercicios e obras propostos ao longo do curso.
- Ter unha postura correcta co instrumento e tocar dun xeito relaxado e sen tensións. Posuir unha capacidade técnico-interpretativa axeitada ao seu nivel.
- Interpretar en público como mínimo dous exercicios e unha obra nova por trimestre e participar nas audicións.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Método Acordeón Divertido I: temas 10 e 11 Ricardo Llanos
"Metodo per Fisarmonica a Bassi Sciolti I": nº 29 a 42 A. Di Zio
"Accordion Course I": páx. 18 a 25 Palmer - Hughes
"Curso preparatorio de Acordeón" Fermín Gurbindo
Die Akkordeon-Fibel (band I) Hans Lüders
L'abc de l'accordéon (vol II) Frédéric Guérouet

Esta é unha relación orientativa do material para este curso.

TERCEIRO CURSO

OBXECTIVOS

- Buscar unha adaptación anatómico-funcional de forma natural proseguindo coas disciplinas iniciadas.
- Lograr certa independencia dos manuais que interveñen directamente na interpretación.
- Obter un criterio auditivo individualizado posible capaz de distinguir os sons que realiza indistintamente cada manual.
- Controlar a produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol.
- Acadar un hábito de estudo diario e unhas técnicas á hora de traballar o repertorio.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos, dunha dificultade acorde ao nivel do alumno.
- Práctica da lectura a primeira vista e do uso da memoria.
- Tocar en público, coa seguridade necesaria, mostrando a súa capacidade comunicativa e de expresión co seu instrumento.

CONTIDOS

- Perfeccionamento da técnica do fol.
- Profundizar no traballo das articulacións e das dinámicas.
- Ampliar os coñecementos nos recursos técnicos e expresivos do acordeón.
- Traballo progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a vista.
- Comezar o estudo de dúas voces nunha mesma man.
- Dixitar el mesmo pequenos fragmentos.
- Independencia de mans e dedos.
- Estudo das posibilidades de articulación e expresión do fol: sfz, acentos, bellows shake...
- Comezar a analizar a estrutura básica da obra (seccións, frases, puntos de máxima tensión...), recoñecendo as pasaxes dunha dificultade maior e atopar estratexias de estudo para traballalas, ademais de traballar a comprensión da mesma.
- Proseguirse co estudo rítmico.
- Tocar en público (audicións e concertos).

METODOLOXÍA

- Estratexias didácticas expositivas dos novos contidos, a partir dos coñecementos previos do alumno.
- Adestramento no traballo individual: reflexión persoal, autonomía no traballo, plantexamento e solución individual de problemas.
- Vixiarase constantemente a posición correcta do instrumento, evitando en todo momento as tensións propias a que puidesen dar lugar.
- Traballarase a calidade do son do instrumento para conseguir unha expresión musical acorde ás esixencias do curso.
- Traballarase os estudos de técnica e escalas intentando que sexa complemento das obras que se estuden, facilitando así o labor da aprendizaxe e mellorando os defectos que poidan xurdir dunha desaxeitada articulación do fol, da pulsación e a coordinación de movementos para producir o son.
- Exercitarase a memoria.
- Interdisciplinariedade: O estudo e a clase de instrumento non se pode illar do resto das súas asignaturas; é moi importante estar en contacto co resto dos seus profesores, realizando un seguimento como titor.
- Manterase o contacto cos pais, o que axudará ao reforzo da motivación extrínseca.
- A programación adaptarase ás necesidades, habilidades e características do alumnado. Fomentarase o hábito de escoitar o instrumento en audicións, concertos e gravacións de audio e vídeo a fin de desenvolver a capacidade auditiva e escoitar calidades propias do son do acordeón.
- Amosar e fomentar no alumno unhas estratexias de estudo axeitadas.
- Utilizaranse obras adaptadas ao nivel do alumno, aínda que tamén empregándose obras dun nivel máis baixo para poder centrar a súa atención na parte interpretativa-expresiva e, coas mesmas, de cando en vez, traballarase a lectura a primeira vista.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

- Os obxectivos e contidos propostos completaranse ao longo do curso escolar repartindo a materia proporcionalmente, en tres períodos de seguimento trimestral.
- A primeira avaliación servirá de repaso dos contidos do ano anterior e aumentaráse progresivamente o nivel técnico e interpretativo. Seguirase facendo fincapé na posición do alumno co instrumento, tendo moi en conta que non se produzan tensións mentres toca. Traballarase exercicios técnicos, tanto para mellorar a técnica do fol, como para profundizar na técnica dixital. Polo menos traballarase unha obra, axeitada ao nivel do alumno.
- A segunda avaliación estará dedicada a incrementar as habilidades técnicas no alumno. Fomentarase analizar a partitura, como paso previo á montaxe da partitura, para ser capaces de mellorar a interpretación e facilitar a memorización. Traballarase dun xeito máis profundo o acto da interpretación e da relaxación co instrumento á hora de tocar en público. Elaborarase un repertorio acorde co nivel do alumno, sempre procurando que este aumente progresivamente incluíndo unha obra de maior dificultade. Traballarase exercicios (técnica do fol, escalas, acordes...) e polo menos dúas obras novas.
- Na terceira avaliación repasarase tódolos contidos deste curso, afondando no control do son, a presión do fol, a postura, a relaxación fronte ás tensións... Traballarase novos exercicios, entre os cales plantexarase a memorización dalgún, e polo menos unha obra nova, tendo que repasar todo o repertorio traballado ao longo do curso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- A avaliación será continua e integradora. O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10.
- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias, co fin de facilitarlle ao alumnado a recuperación da materia con avaliación negativa.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- A solvencia de lectura a primeira vista.
- Interpretar en público como solista exercicios e obras representativas do seu nivel.
- Ao longo do curso haberá unhas probas obxetivas, para mostrar cal é o nivel de asimilación dos contidos, o progreso técnico-expresivo do alumno co instrumento, e así poder calificar ao alumno mellor.
- Valorarase o traballo realizado día a día na clase e o que desenvolve o alumno na casa.
- Avaliaranse os obxectivos propostos nesta programación: nivel de aprendizaxe, capacidade expresiva e comunicativa en público, a adquisición de técnica, a relación aptitude/actitude.

REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA CUALIFICACIÓN POSTIVA

- Boa actitude na clase e valorarase o traballo na casa.
- Realizar coa destreza necesaria os exercicios e obras propostos ao longo do curso.
- Ter unha postura correcta co instrumento e tocar dun xeito relaxado e sen tensións. Poseer unha capacidade técnico-interpretativa axeitada ao seu nivel.
- Interpretar en público como mínimo dous exercicios e unha obra nova por trimestre e participar nas audicións.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Método Acordeón Divertido I: temas 12, 13 e 14 Ricardo Llanos
"Metodo per Fisarmonica a Bassi Sciolti I": nº 42 ata 59A. Di Zio
"Accordion Course I": páx 25 a 37 Palmer - Hughes
L'abc de l'accordéon (vol II) Frédéric Guérouet
Método de Acordeón Moderno op 1000 Mikel Bikondoa
40 esercizi per fisarmonica Spantaconi

Esta é unha relación orientativa do material para este curso.

CUARTO CURSO

OBXECTIVOS

- Dispoñer dunha correcta colocación do instrumento.
- Controlar a produción e calidade do son a través das articulacións dixital e de fol.
- Acadar un hábito de estudo diario e unhas técnicas á hora de traballar o repertorio.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos, dunha dificultade acorde ao nivel do alumno.
- Práctica da lectura a primeira vista e do uso da memoria.
- Tocar en público, coa seguridade necesaria, mostrando a súa capacidade comunicativa e de expresión co seu instrumento.
- Consolidar as distintas posibilidades sonoras, utilizándoas dentro das esixencias do seu nivel.
- Preparar a proba de pase de grado.
- Interpretar polo menos unha obra do seu repertorio de memoria.

CONTIDOS

- Perfeccionamento da técnica do fol.
- Coordinación dos diversos elementos anatómico-funcionais.
- Articulacións combinadas, dixital e de fol.
- Adestramento da memoria.
- Profundizar no traballo das articulacións e das dinámicas.
- Ampliar os coñecementos nos recursos técnicos e expresivos do acordeón.
- Traballo progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a vista.
- Estudo polifónico en ambas mans (traballar dúas ou máis voces en cada man).
- Estudo das posibilidades de articulación e expresión do fol: sfz, acentos, bellows shake...
- Estudo de efectos sonoros e articulacións, como: vibrato, trinos, adornos, clusters, glisando.
- Analizar e comprender unha obra. O análisis como ferramenta de estudo.
- Comezar a traballar a improvisación.
- A interpretación: relaxación, cómo assimilar a obra, a memoria, a expresividade, a actuación fronte ao público ou un tribunal.

METODOLOXÍA

- Estratexias didácticas expositivas dos novos contidos, a partir dos coñecementos previos do alumno.
- Adestramento no traballo individual: reflexión persoal, autonomía no traballo, plantexamento e solución individual de problemas.
- Vixiarase constantemente a posición correcta do instrumento, evitando en todo momento as tensións propias a que puidesen dar lugar.
- Traballarase a calidade do son do instrumento para conseguir unha expresión musical acorde ás esixencias do curso.
- Traballarase os estudos de técnica e escalas intentando que sexa complemento das obras que se estuden, facilitando así o labor da aprendizaxe e mellorando os defectos que poidan xurdir dunha desaxeitada articulación do fol, da pulsación e a coordinación de movementos para producir o son.
- Exercitarase a memoria.
- Fomentarase o hábito de escoitar o instrumento en audicións, concertos e gravacións de audio e vídeo a fin de desenvolver a capacidade auditiva e escoitar calidades propias do son do acordeón.
- Interdisciplinariade: O estudo e a clase de instrumento non se pode illar do resto das súas asignaturas; é moi importante estar en contacto co resto dos seus profesores, realizando un seguimento como titor.
- Manterase o contacto cos pais, o que axudará ao reforzo da motivación extrínseca.
- A programación adaptarase ás necesidades, habilidades e características do alumnado. Mostrar e fomentar no alumno unhas estratexias de estudo axeitadas.
- Adestramento para a proba de pase de grado: tocando nas audicións todo o seu repertorio, traballando a relaxación, gravando as obras para que, desta maneira, poida traballar mellor os pasaxes que lle

resulten problemáticos, sendo o mesmo alumno quen busque a orixe do problema e busque solucións.

- Utilizarase a improvisación como unha ferramenta útil no estudo, para evitar a monotonía.
- Faranse audicións internas, na clase, para traballar en conxunto aspectos interpretativos.
- Adestramento auditivo (dictados), para discriminar os rexistros, as octavas. como complemento da materia de Linguaxe Musical (interdisciplinabilidade).

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

- Os obxectivos e contidos propostos completaranse ao longo do curso escolar repartindo a materia proporcionalmente, en tres períodos de seguimento trimestral.
- A primeira avaliación servirá de repaso dos contidos do ano anterior e aumentarase progresivamente o nivel técnico e interpretativo. Seguirase facendo fincapé na posición do alumno co instrumento, tendo moi en conta que non se produzan tensións mentres toca. Traballarase exercicios técnicos, tanto para mellorar a técnica do fol, como para profundizar na técnica dixital. Polo menos traballarase unha obra, axeitada ao nivel do alumno. Abordarase todo o elemental, básico e funcional para o estudo progresivo do acordeón cos parámetros de articulación, pulsación, fraseo, dinámica,...
- A segunda avaliación estará dedicada a incrementar as habilidades técnicas no alumno. Fomentarase analizar a partitura, como paso previo ao montaxe da partitura, para ser capaces de mellorar a interpretación e facilitar a memorización. Traballarase dun xeito máis profundo o acto da interpretación e da relaxación co instrumento á hora de tocar en público. Traballarase exercicios como complemento técnico e dúas obras, unha delas de memoria. Faranse clases cun carácter máis teórico, no que se vexan máis profundamente estratexias de estudo, técnicas de relaxación e de memorización.
- Na terceira avaliación repasarase o traballado ao longo do ano, facendo fincapé en tocar en público o seu repertorio. Estará composto por un mínimo de tres obras, unha das cales interpretará de memoria. Practicarase a improvisación. É a última etapa a completar para estar en posesión dos coñecementos elementais do instrumento. Solventarase as lagoas e deficiencias adquiridas polos alumnos, arrastradas durante os cursos pasados. Formalizarase un repertorio básico e musical axeitado ao final do grao elemental.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- A avaliación será continua e integradora. O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10.
- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias, co fin de facilitarlle ao alumnado a recuperación da materia con avaliación negativa.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- A solvencia de lectura a primeira vista.
- Interpretar en público como solista exercicios e obras representativas do seu nivel.
- Ao longo do curso haberá unhas probas obxetivas, para mostrar cal é o nivel de asimilación dos contidos, o progreso técnico-expresivo do alumno co instrumento, e así poder calificar o alumno mellor.
- Valorarase o traballo realizado día a día na clase e o que desenvolve o alumno na casa.
- Avaliaranse os obxectivos propostos nesta programación: nivel de aprendizaxe, capacidade expresiva e comunicativa en público, a adquisición de técnica, a relación aptitude/actitude.

REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA CUALIFICACIÓN POSTIVA

- Boa actitude na clase e valorarase o traballo na casa.
- Realizar coa destreza necesaria os exercicios e obras propostos ao longo do curso.
